


PLAN DE CONVIVENCIA



IES ÁNXEL FOLE

Lugo

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN	3
1.1. FUNDAMENTOS LEGAIS	3
1.2. ANÁLISE DO CONTEXTO E RESULTADOS DA DIAGNOSE	6
2. OBXECTIVOS DO PLAN.....	10
2.1. OBXECTIVOS XERAIS	10
2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	11
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS	12
4. CONCRECIÓNS DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS.....	14
5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	23
6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN...23	
7. DIFUSIÓN DO PLAN.....	24
8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	25
9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	27
10. ANEXO. GLOSARIO.....	28



1. INTRODUCCIÓN

1.1. Fundamentos legais

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura dunhas sociedades mais xustas e democráticas. Nestas sociedades, cuxo proxecto colectivo é vivir na igualdade, liberdade e paz, baixo o imperio da lei, fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica e de xénero, o maltrato entre iguais, a discriminación e a intolerancia, entre outros, non deben ter cabida.

A día de hoxe os centros educativos son espazos que enmarcan un conxunto de tempos nos que compartir coñecementos (científicos, humanísticos, tecnolóxicos, artísticos), pero tamén, e, ás veces, sobre todo, vivencias persoais e experiencias vitais. Desde que cada alumno e cada alumna traspassa os seus limiares, todo canto neles acontece, e non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter formativo, e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todos os membros da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

Nesta liña, o Plan de Convivencia do IES Ánxe Fole pretende propiciar cambios positivos no modelo de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias, en suma, no contexto xeral do centro escolar.

A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require no seu deseño, execución e avaliación, un importante esforzo de toda a comunidade educativa. Neste sentido podemos falar de que o Plan é unha auténtica obra en proceso de elaboración constante. Mais, tamén, é un reto que a comunidade educativa debe asumir tendo un coñecemento o máis fondo posible do contexto onde se realizan as accións educativas. Sendo conscientes de cal é o noso punto de partida é preciso articular unha serie de accións de mellora, como un aspecto relevantedo proxecto educativo do centro. A clave de bóveda do noso Plan debe ser clara: a función tutorial é a primeira liña de defensa que pode previr o conflito escolar e, tamén, a primeira actuación que debe organizar a súa resolución.

Polo tanto a estrutura do Plan de Convivencia do IES Ánxe Fole basearase en dar resposta a unha serie de cuestións que inciden de maneira directa e/ou indirecta na convivencia escolar.

Este Plan de Convivencia baséase nos seguintes Fundamentos Legais:



- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e Participación da Comunidade
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. «BOE» núm. 106, do 4 de maio de 2006

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

TÍTULO V

Participación, autonomía e goberno dos centros

CAPÍTULO II

Autonomía dos centros

Artigo 120. Disposicións xerais.

1. Os centros dispoñerán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente e nos termos recolleitos na presente Lei e nas normas que a desenvolvan.
2. Os centros docentes dispoñerán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.

Artigo 121. Proxecto educativo.

3. Devandito proxecto, que deberá ter en conta as características da contorna social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o **plan de convivencia**, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recolleitos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación.

Artigo 124. Normas de organización, funcionamento e convivencia.

1. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento con arranxo á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e



alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

*LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
(DOG Núm. 136 Venres, 15 de xullo de 2011)*

TÍTULO III

Normas básicas de convivencia nos centros docentes

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 10. *Plan de convivencia e normas de convivencia.*

1. O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un **plan de convivencia** que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro.

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.



O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

1.2. Análise do contexto e resultados da diagnose

Ao longodo curso 2015-16 este centro inicia a participación nun Plan de Formación do Profesorado coa finalidade de elaborar o Plan de Convivencia axeitado ás nosas necesidades. Considerouse que o prioritario sería partir do coñecemento de datos reais sobre o estado actual da convivencia do centro para facer unha diagnose que nos permitise plantexarnos uns obxectivos xerais para o devandito plan. Para tal efecto pensouse na elaboración de catro enquisas tipo para os diferentes membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias e PAS. A partir dos resultados obtidos, organizaríanse os datos en gráficas calculando as porcentaxes de cada uns dos ítems.

Seguidamente fíxose a posta en común dun *glosario*, compendio da terminoloxía a empregar (Anexo I), xa que considerabamos importante clarificar conceptos claves que non levaran a equívoco.

Ao mesmo tempo, considerouse necesario deseñar un *campaña de sensibilización* sobre os beneficios que nos pode reportar dito plan:

- Para o alumnado:

- *Nas horas de titoría:* reflexión sobre os problemas que se observan no centro con relación á convivencia, sinalando cales son as súas principais preocupacións ao respecto e analizando as posibles solucións.

- *Nas horas doutras materias (co fin de implicar a todo o equipo docente):* elaboración dun cartel coas normas de aula.



- Para o profesorado e persoal non docente

Comunicación no claustro e no consello escolar, por parte da directiva, do plan de Convivencia do centro mostrándo os resultados das enquisas e a súa análise, os obxectivos xerais e as actuacións propostas.

- Para as familias

Confeccionouse un díptico informativo e informouse de todo o proceso ao consello escolar.

Seguidamente, na procura dos obxectivos xerais, o profesorado asistente organizouse en catro grupos de traballo; elaborando cada un deles unha enquisa que se pasaría ao profesorado, ao alumnado, ás familias e ao Persoal de Administración e Servizos (PAS).

- Profesorado: a enquisa que foi entregada a todos os docentes (Modelo I). Contouse con 41 respostas.
- Alumnado: seleccionáronse 1º ESO A e C (60 alumnos e alumnas), 2º ESO B e C (49 alumnos e alumnas), 3º ESO A e C (50 alumnos e alumnas), 4º ESO C (30 alumnos e alumnas), 1º BAC A e C (51 alumnos e alumnas) (Modelo II). Excluíuse ao alumnado de 2º BAC por ser o seu último curso no centro..
- Familias: seleccionáronse 1º ESO B e D (54 familias), 2º ESO C e D (44 familias), 3º ESO B (29 familias), 4º ESO A e B (60 familias), 1º BAC B (29 familias). Faise constar que ao sector de pais e nais, foilles remitido xunto coa enquisa unha carta informativa acerca da finalidade da mesma (Modelo III).
- PAS: 7 enquisas (Modelo IV).

Despois dun prazo de dúas semanas, fíxose o recuento de datos por sectores e estes foron organizados, con axuda dunha folla de cálculo, por parte dun dos profesores do grupo de traballo (Modelo V).

Os modelos I, II, III, IV e V están recollidos no anexo II: análise estatístico de diagnóstico. Estes modelos de enquisas foron confeccionados na procura dunhs indicadores mínimos sobre a convivencia escolar nos diferentes sectores en que se divide a comunidade educativa.

Posteriormente, cada grupo de traballo fixo a análise dos datos correspondentes ao seu sector, a partir da que se obtivo a lista de obxectivos do plan de convivencia.



A continuación faise unha reseña dos aspectos que se consideran máis salientables a partir da *análise dos resultados* das enquisas:

- Enquisa ao profesorado:

En canto á convivencia no centro, a opinión do profesorado é que as relacións entre o profesorado e os distintos sectores da comunidade educativa son boas en xeral.

Porén, o profesorado considera que con certa frecuencia se producen conflitos entre profesores e alumnos (49% algunhas veces e 39% bastantes veces) e, sobre todo, conflitos entre o propio alumnado (39% algunhas veces e 51% bastantes veces). Tamén é importante sinalar que existe unha certa problemática coa puntualidade na entrada e saída nas aulas por parte do profesorado.

Entre os conflitos máis frecuentes, citados polo profesorado respecto aos dous últimos anos, agresións verbais entre o alumnado (58% bastantes veces), agresións físicas entre alumnado (46% algunhas veces), agresións verbais do alumnado ao profesorado (42% algunhas veces e 35% bastantes veces), vandalismo ou deterioro dos bens comúns (42% algunhas veces), roubos (45% algunhas veces), condutas disruptivas nas aulas (80% algunhas ou bastantes veces), absentismo (50% algunhas veces e 25% bastantes veces).

Asemade, entre as distintas medidas que foron plantexadas inicialmente nas enquisas, o profesorado valora como axeitadas para a mellora da convivencia as seguintes iniciativas:

- Reforzar a disciplina e as sancións (76% bastante ou moito)
- Consensuar algunhas normas co alumnado (82% bastante ou moito)
- Unificar criterios de actuación entre o profesorado (76% moito)
- Mellorar as condicións de traballo do profesorado (78% bastante ou moito)
- Grupos máis reducidos (85% moito)
- Formar o profesorado na resolución de conflitos (81% bastante ou moito)
- Facer grupos de alumnos mediadores en conflitos (77% bastante ou moito).

- Enquisa ao alumnado:



Despois de realizar a análise detallada dos datos das enquisas correspondentes ao sector do alumnado e valorar as respostas recibidas, pódese sinalar como aspectos destacados:

- Falta de información dunhas normas de comportamento.
 - Non “consideración” dos alumnos para a elaboración das mesmas.
 - Lentitude na resolución de conflitos.
 - Falta de coordinación entre o profesorado (tanto no tempo como na maneira de actuar) á hora de tomar as medidas oportunas perante un conflito.
- Enquisa para as familias :

Na análise de datos das enquisas ás familias cómpre subliñar en primeiro lugar que a participación nos cursos elixidos da ESO foi maioritaria (54%), mentres que no bacharelato a porcentaxe de enquisas cumprimentadas foi do 27%.

No proceso de análise dos anteditos datos saliéntase que os principais problemas que perciben as familias son os que se producen entre o propio alumnado:

- Insultos entre o alumnado (63%).
- Pelexas entre o alumnado (70%)

- Enquisa PAS:

Ao elaborar a diagnose inicial da convivencia do centro considerouse importante a opinión do Persoal de Administración e Servizos (PAS), como membros da comunidade educativa e a súa relación directa cos demais sectores. A totalidade das enquisas entregadas ao PAS foron contestadas. Da análise dos datos destácanse os seguintes:

- Estado das instalacións: destacar que o 83% considera que as zonas comúns do centro (corredores, xardíns e patios) e as aulas presentan algunha deficiencia.
- O 83% opina que o alumnado non coida o centro.
- O 33% percibe que a relación do alumnado con eles non é satisfactoria. Destacar tamén a relación coas familias que consideran un 67% que a súa relación é regular ou normal.
- O 50% non ve valorado o seu traballo por parte dos alumnos e un 33% por parte das familias.
- O 83% estima que a convivencia entre o alumnado é problemática.



- O 50% cre que o clima de convivencia no centro empeorou nos dous últimos anos.O 20% percibe que hai un cambio a peor no clima nas aulas e fóra delas.
- Un aspecto que se debe realzar é que de tódalas enquisas aportadas ningún membro do PAS cambiaría de centro.

2. OBXECTIVOS DO PLAN

2.1. Obxectivos xerais

O **Artigo 3 da Lei de Convivencia**, expón os fins e principios das normas sobre convivencia nos centros docentes. Son os seguintes:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.



O **Artigo 12 do Decreto 8/2015**, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de Convivencia 4/2011, do 30 de xuño, indica que o plan de convivencia deberá contrubuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

2.2. Obxectivos específicos

Rematada a fase de recollida, organización e reconto dos datos, e feita a análise dos mesmos para determinar a situación inicial da convivencia neste centro, establécense unha serie de liñas de actuación que nos levan a fixar unha lista de obxectivos prioritarios para a mellora da convivencia. Son os que se enumeran a continuación:



- a) Acadar a puntualidade nas entradas e saídas das aulas por parte do alumnado, contando coa cooperación das familias. Ademáis acadar a puntualidade nas entradas e saídas das aulas por parte do profesorado.
- b) Mellorar a linguaxe de comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa, facendo fincapé na corrección no sector do alumnado, e potenciar a comunicación fluida, directa e rápida entre titores/as e familias.
- c) Reducir as condutas disruptivas nas aulas, os desperfectos nas instalacións do centro e o extravío do material do alumnado.
- d) Unificar criterios e pactar normas de actuación para fomentar a convivencia.
- e) Coordinación entre titores/as e familias, dende o principio de curso, para que coñezan as normas de aula e se impliquen en conseguir o respecto ás mesmas e por parte do alumnado.
- f) Logro de limpeza en aulas e zonas comúns e implicacións das familias no mesmo.
- g) Establecer unha comunicación fluida, directa e rápida entre familia e profesorado.
- h) Acadar unha relación óptima entre todos os membros da comunidade educativa.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS

- a) Control de asistencia á primeira hora de clase.

Controlar a asistencia do alumnado, anotando as faltas de asistencia e puntualidade e aviso ás familias

- b) Control exhaustivo das faltas de asistencia a primeira hora.

Elaboración dunha listaxe, visible na aula, na que consten semanalmente as faltas de puntualidade. Esta listaxe será supervisada polos titores/as e chamarán, se o consideran necesario, ás familias do alumnado con máis dunha falta de puntualidade por semana.

- c) Control da puntualidade do alumnado nos intercambio de clase

Sistematizar o control das faltas de puntualidade por parte dos profesorado e dos titores/as

- d) Disminuir o nivel de ruído no centro educativo

Instalación de sonómetros nos corredores (zonas de aulas) e realizar xornadas informativas e de divulgación

- e) Desenvolvemento de habilidades de escoita activa

Traballos de titoría

**f) Estado da aula**

Ao comenzo e ao remate do curso cumpríméntase un documento redactado por alumnado e profesorado no que se reflicte o estado da aula.

g) Parte de extravío de material escolar

Diseñar e pór en marcha un parte de extravío de material escolar, con seguimento da situación e resolución do mesmo

h) Control das entradas e saídas dos espazos e da circulación polos corredores e escaleiras

Sinalización horizontal. Charlas/conferencias sobre circulación vial

i) Realización dunha segunda xuntanza coas familias ao longo do curso (na segunda ou na terceira avaliación).

Convocar ás familias cunha orde do día moi concreto.

j) Establecer e realizar actividades que animen ó alumnado a convivir nunha contorna agradable, limpa e acollidora

Concurso en 1º ESO “A MIÑA AULA É A MELLOR” que fomente a limpeza, coidado e decoración das aulas. No premio do concurso implícanse as familias a través da súa participación (a través dun acto de entrega pública de diplomas, por exemplo).

k) Comunicar a principio de curso cales son os mecanismos que favorecen unha relación informativa efectiva e clara.

Na xuntanza de principio de curso coas familias, proporcionarase información concreta sobre a aplicación informática dispoñible por parte da Consellería de Educación na que poden consultar faltas de asistencia e cualificacións do alumnado

l) Plan de acollida dirixido ás familias, profesorado e alumnado

Deseñar e implementar un plan de acollida

m) Plan de mediación escolar.*

Diseñar e implementar un plan de mediación escolar

n) Aula auxiliar.*

Diseñar e implementar unha aula auxiliar.

o) Patios inclusivos.*

Elaborar un proxecto no que se formule actividades diversas e rotatorias para o tempo de lecer. Dividir o espazo físico de lecer para reservar un lugar dedicado ao patio inclusivo

p) Programa do alumnado axudante.*

Diseñar e implementar un programa de alumnado axudante. Facilitar a incorporación do novo alumnado. Asignación de alumno/a axudante

* Estas actuacións ou programas contan cun desenrolo específico en documentos anexos a este plan de convivencia



4. CONCRECIÓNS DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS.

Obxectivo: Acadar a puntualidade nas entradas e saídas das aulas por parte do alumnado, contando coa cooperación das familias. Ademais acadar a puntualidade nas entradas e saídas das aulas por parte do profesorado.					
Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Control de asistencia á primeira hora de clase	Controlar a asistencia do alumnado, anotando as faltas de asistencia e puntualidade e aviso ás familias	Establecer un libro de gardas de primeira hora	Trimestral	Reducción progresiva do número de incidencias, entre un 3% e un 5%, e do retraso medio	Conserxería
Control exhaustivo das faltas de asistencia a primeira hora	Elaboración dunha listaxe, visible na aula, na que consten semanalmente as faltas de puntualidade. Esta listaxe será supervisada polos titores/as e chamarán, se o consideran necesario, ás familias do alumnado con máis dunha falta de puntualidade por semana	Listaxe de faltas de puntualidade	Trimestral	Reducción progresiva do número de incidencias, entre un 3% e un 5%, e do retraso medio	Titor/a Profesorado de aula Alumnado
Control da puntualidade do alumnado nos intercambio de clase	Sistematizar o control das faltas de puntualidade por parte dos profesorado e dos titores/as	XADE. Libro ou libreta do profesorado, coa posibilidade de realizar actuacións sobre as cualificacións	Trimestral	Reducción progresiva do número de incidencias, entre un 3% e un 5%, e do retraso medio	Profesorado



Obxectivo: Mellorar a linguaxe de comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa, facendo fincapé na corrección no sector do alumnado, e potenciar a comunicación fluida, directa e rápida entre titores/as e familias

Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Disminuir o nivel de ruído no centro educativo	Instalación de sonómetros nos corredores (zonas de aulas) e realizar xornadas informativas e de divulgación	Sonómetros. (protexidos) Táboas de recollidas de datos Posibilidade de establecer premios por obxectivos	Control semanal dos datos recollidos e información ao alumnado	Redución, entre un 3% e un 5%, dos niveis máximos acadados trimestralmente e por zonas. Número de premios entregados	Secretario/a Titores/as
Desenvolvemento de habilidades de escoita activa	Traballos de titoría	Actividades de escoita activa. Dinámicas de grupo	Anual	Avaliacións das actividades antes e despois de cada unha	Titor/-a

Obxectivo: Reducir as condutas disruptivas nas aulas, os desperfectos nas instalacións do centro e o extravío do material do alumnado

Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Aula auxiliar	Diseñar e implementar unha aula auxiliar	Documento e plantillas para o uso da aula auxiliar	Trimestral con información en claustros e consellos	Disminución entre un 3% e un 5% trimestral do número de partes para a aula auxiliar	Observatorio de convivencia. Xefatura de estudos
Plan de mediación escolar	Fase inicial: sensibilización, selección e formación do alumnado	Alumnado e documento e plantillas do plan de mediación escolar	Derradeiro trimestre do curso anterior e primeiro do seguinte	Acadar un grupo de alumnado formado en mediación escolar	Observatorio de convivencia. Xefatura de estudos Titor/-a
	Diseñar e implementar un plan de mediación escolar		Trimestral con información en	Disminución entre un 3% e un 5% trimestral	Observatorio de



			claustros e consellos	do número de partes e de sancións	convivencia. Xefatura de estudos
Estado da aula	Ao comenzo e ao remate do curso cumpríméntase un documento redactado por alumnado e profesorado no que se reflicte o estado da aula.	Parte de estado da aula. Premio a aula mellor conservada e mais limpa, por cada un dos niveis.	Por curso escolar	Disminución do deterioro na aula e matemento da limpeza da mesma	Titores/as Alumnado
Parte de extravío de material escolar	Diseñar e pór en marcha un parte de extravío de material escolar, con seguimento da situación e resolución do mesmo	Documento de extravío de material e táboa de control de datos xerais do centro	Trimestral con información en claustros e consellos	Disminución entre un 3% e un 5% trimestral do número de incidencias.	Xefatura de estudos Titoras/es

Obxectivo: Unificar criterios e pactar normas de actuación para fomentar a convivencia

Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Control das entradas e saídas dos espazos e da circulación polos corredores e escaleiras	Sinalización horizontal. Recoller este apartado nos documentos de acollida e nos contratos Charlas/conferencias sobre circulación vial	Material de sinalización	Trimestral	Control aleatorio sobre incidencias. Disminución das incidencias, entre un 3% e un 5% trimestral	Responsable do plan de evacuación Alumnado axudante

Obxectivo: Coordinación entre titores/as e familias, dende o principio de curso, para que coñezan as normas de aula e se impliquen en conseguir o respecto ás mesmas e por parte do alumnado.

Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Plan de acollida dirixido ás familias, profesorado e alumnado	Deseñar e implementar un plan de acollida	Documento e plantillas do plan de acollida	Inicial: no mes de xuño (presentación do centro educativo ao alumnado de 6º de primaria) e setembro (presentación do centro	Enquisa ás familias na que se reflicta polo menos un 70% de grao de satisfacción, entre	Equipo directivo e profesorado titor



			educativo a todo o alumnado e ás familias) Continua: profesorado substituto e alumnado de nova incorporación	as respostas recibidas, coa información recibida ao longo do curso	
Realización dunha segunda xuntanza coas familias ao longo do curso (na segunda ou na terceira avaliación).	Convocar ás familias cunha orde do día moi concreto.	Correo, aula, dispoñibilidade de profesorado e familias	Trimestral	Enquisa ás familias na que se reflicta polo menos un 70% de grao de satisfacción, entre as respostas recibidas, coa información recibida ao longo do curso e os acordos achegados	Xefatura de Estudos, titores/as, Departamento de Orientación



Obxectivo: Logro de limpeza en aulas e zonas comúns e implicacións das familias no mesmo					
Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Establecer e realizar actividades que animen ó alumnado a convivir nunha contorna agradable, limpa e acolledora	Concurso en 1º ESO “A MIÑA AULA É A MELLOR” que fomente a limpeza, coidado e decoración das aulas. No premio do concurso implícanse as familias a través da súa participación (a través dun acto de entrega pública de diplomas, por exemplo). Outros nomes para o concurso: YINCANA POLA CONVIVENCIA, OLIMPÍADA DE CONVIVENCIA, CONVIOLIMPÍADA, A CONVIVENCIA NON É UN XOGO.	Materiais diversos para facer murais de decoración e manter a limpeza e o ambiente agradable	Anual	Redución apreciable da suciedade e a desorde Auditoría externa para valorar os logros	Titores/as, equipo docente, alumnado

Obxectivo: Establecer unha comunicación fluida, directa e rápida entre familia e profesorado					
Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Comunicar a principio de curso cales son os mecanismos que favorecen unha relación informativa efectiva e clara	Na xuntanza de principio de curso coas familias, proporcionarase información concreta sobre a aplicación informática dispoñible por parte da Consellería de Educación na que poden consultar faltas de asistencia e cualificacións do alumnado	Plataforma informática	Anual	Enquisa ás familias na que se reflicta nun 70% o grao de satisfacción coa información recibida ao longo do curso	Titores/as



Obxectivo: Acadar unha relación óptima entre todos os membros da comunidade educativa					
Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Plan de mediación escolar ¹	Diseñar e implementar un plan de mediación escolar	Documento e plantillas do plan de mediación escolar	Trimestral con información en claustros e consellos	Disminución entre un 3% e un 5% trimestral do número de partes e de sancións.	Observatorio de convivencia. Xefatura de estudos
Patio inclusivo	Elaborar un proxecto no que se formule actividades diversas e rotatorias para o tempo de lecer Dividir o espazo físico de lecer para reservar un lugar dedicado ao patio inclusivo	Patio cuberto e non cuberto Xogos e materiais de deporte Materiais de reciclaxe Material de xardinería	Anual	Número de alumnos/as participantes	Profesorado e alumnado implicado no proxecto

Obxectivo: Proporcionar a mellor información posible ás familias					
Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Plan de acollida	Proporcionar un documento escrito cos seguintes datos: información básica sobre o sistema educativo, dirección, teléfono, normas de convivencia, entre outros.	Dípticos	Inicial: setembro Continuada ao longo do curso: cada vez se incorpore novo alumnado	Acadar un 70% de familias informadas.	Equipo Directivo, persoal de administración e servizos, profesorado titor

¹É unha medida que se considera importante para intentar acadar os dous obxectivos nos que aparece desenvolva.



	Informar sobre organización e funcionamento do centro educativo. Reunión co profesorado titor.	Aula de reunión e documentación informativa	Outubro: avaliación inicial	Asistencia á reunión dun 70% das familias de 1ºESO	Profesorado titor, Departamento de Orientación
--	--	---	-----------------------------	--	--

Obxectivo: Proporcionar a mellor información posible ao profesorado

Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Plan de acollida	Proporcionar un documento escrito cos seguintes datos: información básica sobre o sistema educativo, dirección, teléfono, normas de convivencia, entre outros.	Carpeta do profesorado	Inicial: setembro Continuada ao longo do curso: cada vez se incorpore novo profesorado	Entrega da carpeta Enquisa de satisfacción (3 ítems): a) Validez da información b) Utilidade c) Observacións	Equipo Directivo
	Informar sobre organización e funcionamento do centro educativo. Amosar as distintas dependencias do centro educativo e facilitar o acceso ás mesmas	Visita ao centro	Inicial: setembro Continuada ao longo do curso: cada vez se incorpore novo profesorado	Realización da visita Enquisa de satisfacción (3 ítems): a) Validez da información b) Utilidade c) Observacións	Equipo directivo



Obxectivo: Proporcionar a mellor información posible ao alumnado					
Medidas	Actuacións	Recursos	Temporalización	Indicadores de logro	Responsables
Plan de acollida	Informar sobre organización e funcionamento do centro educativo . Proporcionar un documento escrito cos seguintes datos: información básica sobre o sistema educativo, dirección, teléfono, normas de convivencia,	Dípticos	Inicial: setembro Continuada ao longo do curso: cada vez se incorpore novo alumnado	Enquisa de satisfacción (3 ítems): a) Claridade da información b) Utilidade c) Observacións	Equipo Directivo, persoal de administración e servizos, profesorado titor
	Integrar na comunidade educativa ao alumnado inmigrante. Impulsar a aprendizaxe do galego e o castelán. Potenciar os aspectos de enriquecemento que achegen as diversas culturas.	Aulas e profesorado especializado	Ao longo de todo o curso	Número de participacións nas actividade propostas Número de participacións nas actividade de biblioteca	Departamentos de linguas
Plan de acollida	Presentar o centro educativo ao alumnado de nova incorporación. No mes de xuño o alumnado de 6º Primaria acude ao centro educativo para coñecer as instalacións e o funcionamento	Profesorado	Xuño	Enquisa de satisfacción (3 ítems): a) Utilidade b) Interese c) Propostas	Dirección
	Informar sobre necesidades educativas. Reunión entre o titor/a de 6º Primaria e o Departamento de Orientación	Informes orais e documentos escritos	Xuño	Realización da reunión e avaliación da mesma	Titor/a e Departamento de Orientación
Programa do alumnado axudante.	Diseñar e implementar un programa de alumnado axudante. Facilitar a incorporación do novo alumnado. Asignación de alumno/a axudante	Alumnado, documentos e plantillas do programa de alumnado	No momento da incorporación do novo alumnado e ao longo de todo o curso	Acadar un grupo de alumnado formado en axuda entre iguais. Disminución entre un 3% e un 5% trimestral do	Responsable do Plan de Alumnado Axudante



		axudante	número de partes e de sancións. Non presenza de situación de acoso entre o alumnado de 1º ESO. Enquisas	
--	--	----------	--	--



5. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

No artigo 18 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, faise referencia ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF). Trátase dun documento institucional independente nos centros educativos, pero con fundamento no seu Proxecto Educativo (PEC), sendo as súas liñas xerais as que deban inspirar o seu desenvolvemento.

Son un conxunto de normas relativas á organización e funcionamento do centro e xorden da participación e do consenso de toda a comunidade escolar (alumnado, profesores, persoal de administración e servizos e nais e pais do alumnado)

As NOF de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do Plan de convivencia.

6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

- Os delegados de grupo colaborarán activamente co titor/a e o profesorado para que o cumprimento das normas e o clima da clase sexa óptimo. Xefatura de estudos, a través de reunións periódicas cos delegados ou cos membros da Xunta de Delegados, concretará, apoiará e supervisará as súas tarefas.
- Todos os profesores teñen o dereito e a obriga de facer respectar as normas de convivencia e de corrixir as condutas ou comportamentos contrarios ás mesmas de conformidade co disposto nas Normas de Organización e de Funcionamento.
- En reunións ordinarias e se fose necesario, extraordinarias, o claustro será informado das accións levadas a cabo para a xestión da convivencia, da resolución de conflitos disciplinarios e da imposición de sancións e, froito da análise desta xestión, propondrá medidas e iniciativas que melloren a convivencia no Centro.
- Corresponde aos tutores/as no ámbito do Plan de Acción Titorial, a coordinación dos profesores que imparten docencia no grupo de alumnos da súa titoría, mediando entre profesores, alumnos e familias. Os tutores/as deberán controlar as actuacións contrarias ás normas de convivencia e actuar de forma coordinada con xefatura de estudos e o departamento de orientación para corrixilas.
- A persoa responsable da dirección do centro, no ámbito das súas competencias, resolverá os posibles conflitos, de acordo con este plan e coas normas de organización e de funcionamento do centro. A Dirección do Centro comunicará á Inspección educativa e aos



organismos xuridicamente competentes calquera feito que considere poida ser constitutivo de delito ou falta perseguible penalmente.

- A persoa responsable da xefatura de estudos, levará rexistro do número de alumnos amoestados, número de amoestacións, motivos que as orixinan e medidas correctoras aplicadas. Elaborará informes trimestrais que trasladará ao claustro de profesores/as, ao Departamento de Orientación, aos membros do Consello Escolar e aos membros da comisión de convivencia do centro. Corresponde asemade á xefatura de estudos informar das actuacións que se desenvolvan en pro da mellora da convivencia, coordinalas e supervisalas.
- O departamento de orientación deberá asesorar ao equipo directivo, aos equipos docentes e moi especialmente ao profesorado titor no desenvolvemento das súas funcións en canto á convivencia escolar. Potenciará a acción tutorial propondo actividades e facilitando materiais e recursos relacionados coa educación en valores e a convivencia. Ademais facilitará materiais ou tarefas específicas para ter á disposición do alumnado na aula Auxiliar.
- As familias deberán colaborar co centro para esclarecer os feitos conflictivos nos que poidan verse implicados os seus fillos como vítimas, como autores ou como testemuñas dos mesmos. Manterán unha actitude de colaboración co titor/a para analizar e intentar resolver problemas condutuais ou de aprendizaxe dos seus fillos. Poderán recadar información sobre o comportamento e o rendemento académico dos seus fillos/as a través dos tutores ou directamente do profesorado na súa hora de atención a pais e nais do alumnado.
- O consello escolar e a comisión de convivencia farán propostas de mellora, supervisarán as medidas que se adopten para a mellora da convivencia e avaliarán anualmente o desenvolvemento do plan de convivencia.

7. DIFUSIÓN DO PLAN

Toda a comunidade educativa pode acceder ao Plan de Convivencia do I.E.S. Ánxel Fole a través da páxina web do centro. Aínda así, poranse en práctica outras estratexias para a difusión do Plan de Convivencia entre os diversos sectores da comunidade educativa:

- ⊗ Alumnado:
 - a) Titorías.



- b) Xunta de Delegados.
- c) Representantes do alumnado no Consello Escolar.
- ⊗ Profesorado
 - a) Claustro de Profesorado de comezo de curso e calquera outro que fose necesario.
 - b) Representantes no Consello Escolar.
- ⊗ Persoal non docente
 - a) O Secretario do Centro dará unha copia ao persoal non docente.
 - b) Representante no Consello Escolar.
- ⊗ Familias
 - a) Nas reunións cos titores/as do comezo de curso.
 - b) Nas entrevistas que pais e nais de alumno/as teñen coas familias ao longo do curso.
 - c) No Consello escolar, a través dos seus representantes no mesmo.

Para chegar á comunidade educativa realizaranse dípticos que recollan a información esencial e básica do Plan de Convivencia que serán entregados:

- a) Ao profesorado coa entrega de horarios.
- b) Ás familias na reunión de comezo de curso e/ou a través do correo electrónico que proporcionaran ao formalizar a matriculación do seu fillo ou súa filla.
- c) Ás persoas titoras para colgar no taboleiro das aulas na entrega de horarios e se traballará co seu contido nas horas de tutoría.
- d) Ás persoas que constitúen a Xunta de Delegados.
- e) A calquera persoa da comunidade educativa que o solicite.
- f) Difusión TICS, medios de comunicación e páxina web.

8. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O Observatorio da convivencia do IES Ánxel Fole é o órgano colexiado cuxa función é reflexionar e investigar o estado da convivencia no centro, deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e a mellora do clima de convivencia escolar, e avaliar os



posibles cambios no Plan de Convivencia do centro. Un dos elementos indispensables da educación para a convivencia é a posta en marcha do Observatorio da convivencia.

Composición

Os membros da comunidade educativa que o integran son:

- O/a director/a do centro, que presidirá o Observatorio.
- O/a xefe/a de estudos.
- De un a catro representantes do profesorado, incluída a persoa responsable da mediación escolar e/ou o/a responsable da dinamización da convivencia.
- O/a orientador/a do centro.
- Unha persoa representante do alumnado.
- Unha persoa representante das familias.
- A persoa encargada dos programas de coeducación.
- Unha persoa representante do persoal non docente.
- Os/as titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.
- Os/as profesionais do concello (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia.

Atribucións

- Dinamizar o Plan de Convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia no centro.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia no centro.

Funcionamiento

- Reunirse, como mínimo, unha vez por trimestre, convocado/a polo Presidente/a, coa dobre finalidade de:
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia no centro.
- Todas as súas decisións tomaranse democraticamente por maioría e voto secreto, previa exposición de feitos, argumentos e valoración en común.



9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Unha vez que se poña en práctica o presente plan, ao final do cada curso farase unha análise de todas as informacións recollidas nas diferentes actuacións e desta análise sairán as propostas de necesidades formativas e deseño de novas actuacións.

Cada curso escolar, co alumnado farase unha detección dos problemas de convivencia que eles nos comuniquen e procederáse á busca de solucións para os mesmos. Devanditas modificacións reflectiránse na memoria do curso e teránse en conta no futuro trala avaliación realizada.

Cada catro anos farase unha nova sondaxe entre a comunidade educativa para reformar o plan, se fose necesario, e propoñer as melloras que se precisen.

En cada unha das tres reunións ordinarias do Observatorio de Convivencia existirán dous puntos na orde do día onde tanto a Xefatura de Estudos, como a persoa dinamizadora da convivencia, informarán sobre os distintos conflitos detectados no trimestre.

O equipo dinamizador da convivencia do centro será a responsable de elaborar ao final de cada curso escolar unha memoria onde se recollan os seguintes puntos:

- Grado de cumprimento dos obxectivos do plan.
- Participación da comunidade educativa no desenvolvemento do plan.
- Adecuación dos espazos e dos recursos materiais ao plan de actuación.
- Propostas para modificación e/ou mellora do plan para o curso seguinte.
- Esta memoria presentarase ao Claustro de Profesorado o e ao Consello Escolar, e formará parte do memoria final de curso.



10. Anexo. Glosario

- **ABSENTISMO**

Incumplimento reiterado marcado por lei da asistencia ao lugar no que temos que estar, para realizar aquilo que debemos facer.

- **ACOSO**

1. Comportamento exercido que consiste en someter a outra persoa a presión psicolóxica ou física coa finalidade de marxinala no grupo, desestabilizala psiquicamente, obter algún tipo de favores. Provoca sufrimento físico, dor psíquica, padecemento moral.

2. Comportamento de hostigamento repetitivo.

- **AGRESIÓN**

Acción verbal, física ou material de carácter violento que realiza unha persoa coa intención de causar un dano a outra.

- **AGRESIVIDADE**

Tendencia dunha persoa a manifestar comportamentos violentos de distinto tipo.

- **AUTOESTIMA**

Visión positiva de un mesmo, sen caer na presunción nin na sobrevaloración.

- **AUTONOMIA/AUTODETERMINACIÓN**

Capacidade/valor do individuo para valerse por si mesmo, para autoxestionarse co recoñecemento dos demais.

- **CARISMA**

Quen o practica é cortés, educado, dialogante, inimigo de toda acción violenta.

- **COMPORTAMENTOS DISRUPTIVOS**

1. Comportamento caracterizado pola rotura coas pautas de conduta e valores establecidos nun grupo, e que ameazan as relacións interpersoais e a supervivencia do grupo.

2. Conduta cun patrón de reiteración de rotura ou interrupción brusca e inxustificada da boa marcha do proceso de ensino-aprendizaxe no que está inmerso un grupo.

- **COMPORTAMENTO SEXISTA**

Comportamento, actitude ou maneira de pensar que consiste en discriminar e infravalorar ás persoas distinto sexo.

- **CONFLITO**

Desacordo que se produce entre membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias e personal non docente), que require da intervención de terceiras persoas para atopar unha solución.



- **CONVIVENCIA**

Aceptación dos “espazos” das persoas que nos rodean, respecto á súa maneira de ser, ás súas características, ás súas opinión, ás súas virtudes a aos seus defectos.

- **DISCIPLINA**

1. Conxunto de normas ou regras que facilitan a convivencia nun entorno dado a través do mantemento da orde.
2. Capacidade de autocontrol, autodominio, físico e mental.
3. Respecto ás normas ou regras que facilitan a convivencia.

- **EMPATÍA**

Estado mental no que unha persoa se identifica ou sente o mesmo que outra persoa o grupo, comprendendo as súas emocións e sentimentos.

- **IGUALDADE**

Todos os homes e mulleres debemos ser tratados da mesma forma e respecto, recibir os mesmos beneficios así como ter as mesmas obrigacións.

- **LEI DO SILENCIO**

Comportamento de omisión ou inacción, polos outros e pola propia vítima, esixido polo agresor.

- **LIBERDADE**

Capacidade/valor de poder levar a cabo a propia existencia, sen atrancos, pero tamén sen interferir na das demais persoas, nin lesionar os seus intereses.

- **MARXINACIÓN**

Violencia verbal, mental ou física, dirixida contra un individuo ou grupo de individuos coa que se pretende mantelos á parte, illados, nun segundo plano, sen integralos nin contar con eles.

- **MATONISMO**

Patrón de comportamento caracterizado pola imposición da propia vontade a través da ameaza, terror, extorsión, medo.

- **MEDIACIÓN**

Forma de resolver conflitos entre dúas ou máis persoas coa axuda dunha terceira persoa imparcial, o **mediador**, que regula o proceso de comunicación cara a unha posible solución que satisfaga as necesidades das partes en conflito.

- **RESILIENCIA**

Capacidade de adaptación e de sobreporse ás adversidades (periodos de situacións difíciles e a dor emocional.



- **RESPECTO**

Consideración polas actitudes, comportamentos, crenzas e opinións das demais persoas e tamén de organismos e institucións.

- **SUPERVISIÓN**

Control de conduta.

- **TOLERANCIA**

Actitude de respecto ás opinións e crenzas distintas das nosas nun marco de convivencia escolar dentro da lei vixente.

- **VANDALISMO**

Comportamento puntual ou reiterado caracterizado pola falta de respecto aos bens comúns. Admite graos: desde os simples estragos (deixar algo en mal estado) até a destrución (desfacer algo, tornalo inservible).

- **VIOLENCIA PSICOLÓXICA**

Acción u omisión mediante a que unha persoa agrede de maneira verbal ou xestual a outra, establecendo un dano emocional na persoa agredida. Sóese manifestar con palabras ferintes, insultos, descalificativos, gritos. . . ou xestos intimidatorios.

- **VIOLENCIA FÍSICA**

Acción u omisión do uso da forza para danar ao outro con todo tipo de accións como empurróns, golpes, rasguños, bofetadas, patadas, etc.

- **VIOLENCIA DOMÉSTICA**

A exercida no ámbito familiar.

- **VIOLENCIA VIRTUAL**

A que se exerce a través de redes sociais.

- **VIOLENCIA SIMBÓLICA**

Uso de signos e imaxes co fin de molestar ou ferir a sensibilidade dalgunha persoa.

- **XENOFOBIA**

Comportamento, actitude ou maneira de pensar que consiste en mostrar hostilidade ante o que ven do estranxeiro ou é inmigrante.